

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase únicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: MERIDIANO, LATIFUNDIO, ISTMO, ARIDEZ, TAXA DE PARO.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das Comunidades Autónomas españolas. Cite vostede o nome e a capital das sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Os factores condicionantes da agricultura española.** *Orientacións para o desenvolvemento: factores físicos e factores humanos, a diversidade rexional de factores, as consecuencias nas pai saxes agrarias, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), situación que representa (estación do ano, características), inserción no marco atmosférico global, causas e consecuencias da disposición representada, etc.*

OPCIÓN 2.

2.1.- Defina brevemente: LANDA, SOLO URBANIZABLE, FOSA TECTÓNICA, REGULARIZACIÓN DE INMIGRANTES, BRISA.

2.2.- Na Figura A-2 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Tipos de réximes fluviais dos ríos españois.** *Orientacións para o desenvolvemento: os factores dos réximes fluviais, as diferencias según as vertentes hidrológicas, tipos de réximes, variedades espaciais e exemplos, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres dos feitos representados, causas, consecuencias no futuro da poboación española, etc.*

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1




FIGURA A-1




FIGURA B-1

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 2



FIGURA A-2




FIGURA B-2

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analisando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: TAXA DE MASCULINIDADE, SOTAVENTO, ATMÓSFERA AUTARQUÍA, LATITUDE.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das Comunidades Autónomas españolas. Cite vostede o nome e a capital das sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Os factores dos climas peninsulares.** *Orientacións para o desenvolvemento: definición de factor climático, factores dinámicos, factores xeográficos, consecuencias na variedade climática, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información, escala), comparación das dúas situacións, causas e consecuencias, diversidade rexional, etc.*

OPCIÓN 2.

2.1.- Defina brevemente: MINIFUNDIO, PLANO ORTOGONAL, ESPECIE HELIÓFILA, ÁREA PERIURBANA, PREGA.

2.2.- Na Figura A-2 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Rasgos xerais das actividades pesqueiras en España.** *Orientacións para o desenvolvemento: inserción da aciividade pesqueira na economía española, rexións pesqueiras, caladoiros, poboación activa dedicada á pesca, comercialización e consumo, factores políticos, alternativas á pesca, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, ubicación espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.*

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1






FIGURA A-1



Crecimiento natural por provincias (1975).



Crecimiento natural por provincias (1991).


FIGURA B-1

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 2



FIGURA A-2



Temperatura media anual: 13,9°. Precipitacións anuais: 438 mm. Amplitude térmica anual: 19,3°.

FIGURA B-2

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírense unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

MERIDIANO: Semicírculo máximo imaxinario trazado na esfera terrestre de polo a polo. Un meridiano e o seu antimeridiano forman un círculo máximo completo.

LATIFUNDIO: Propiedade agraria de grandes dimensións que en España domina no centro e sul peninsular por diversas causas históricas, e que se acostuma explotar de forma extensiva.

ISTMO: Porción de terra que une unha península a un continente, ou ben dúas islas entre sí.

ARIDEZ: Escaseza de humidade no aire e no solo, definida sobre todo en relación coas necesidades da vexetación e dos cultivos e co réxime térmico.

TAXA DE PARO: Relación da poboación parada (poboación activa menos poboación ocupada) coa poboación activa, expresada en tantos por cento.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírense a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, CANTABRIA (Santander); 2, A RIOXA (Logroño); 3, EXTREMADURA (Mérida); 4, CASTELA-A MANCHA (Toledo); e 5, MURCIA (Murcia. Se alguén indica tamén que o Parlamento está en Cartagena, e non acertou alguna das outras, pódese engadir 0,2 puntos ao total)

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírense boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: os factores físicos (aridez, pendentes, escaseza de chairas a baixa altura, temperaturas contrastadas, etc.), factores humanos (inadecuadas estruturas agrarias, causas históricas do latifundio e minifundio, etc.), diversidade rexional dos

factores e distinta incidencia, diversidade de paisaxes agrarios pola diversidade de factores, intentos de solventar os problemas físicos e humanos ao longo do tempo, etc. Valoraranse as aportacións persoais que amplíen o tema como por exemplo as referencias ao plan hidrolóxico ou aos problemas da PAC.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírense a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa de isobaras, representación sinóptica, simboloxía), situación que representa (situación do suroeste, con baixa posición en latitude do anticiclón de Azores, das depresións e sistemas frontais, típica do inverno), circulación do oeste, guiada pola corrente en chorro o altura, consecuencias de inestabilidade atmosférica ligadas ao paso de perturbacións frontais, ventos fortes do suroeste sobre a fachada occidental da Península Ibérica, etc. Valoraranse as aportacións que incidan sobre a alternancia de situacións atmosféricas ao longo do ano na definición dos climas españois.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírense unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

LANDA: Formación arbustiva típica das áreas de clima templado oceánico húmido, donde destacan plantas como os brezos, toxos, etc., e desenvolvida en xeral sobre solos acedos.

SOLO URBANIZABLE: Terreos declarados como tal polo Plano Xeral de Ordenación Urbana dun municipio, onde se poderá construír no futuro; pode ser programado e non programado.

FOSA TECTÓNICA: Depresión que coincide cun bloque afundido da corteza terrestre, delimitado entre dúas fallas.

REGULARIZACIÓN DE INMIGRANTES: Proceso levado a cabo polo Estado para dotar de entidade legal aos inmigrantes ilegais ou indocumentados, para que poidan obter unha serie de dereitos durante a súa

estancia no noso país e poidan exercer un traballo con garantías.

BRISA: Corrente de aire periódica que circula, nas marxes costeiras, do mar á terra durante o día e da terra ao mar durante a noite, fundamentadas no distinto comportamento térmico das masas continentais e mariñas.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírense a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, PUNTA DE ESTACA DE BARES; 2, CABO DE CREUS; 3, SISTEMA IBÉRICO; 4, RÍO SEGURA; e 5, CORDILLEIRA PENIBÉTICA.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírense boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: as grandes vertentes

hidrolóxicas e as súas características xerais, tipos de reximes fluviais dos ríos españois (mediterráneo, oceánico, pluvial, nival, pluvionival, nivopluvial, reximes complexos) e áreas de desenvolvemento con exemplos, causas da variedade dos reximes fluviais, relación con outros factores físicos e humanos, etc. Valoraranse as aportacións persoais que amplíen o tema, como por exemplo a relación coa xeración de enerxía hidroeléctrica, aproveitamiento para regadío, etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírense a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (pirámide de idades e sexos, representación de grupos quinquenais, combinación de datos reais e de unha proxección demográfica), comparación das dúas pirámides (tendencia ao envellecemento acentuado, retracción da base, aumento do corpo e da cima), causas desta situación, factores que poden alterar isto (inmigración e aumento da natalidade), problemas que plantea o envellecemento nunha sociedade, etc.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírense unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

TAXA DE MASCULINIDADE: Expresa a participación relativa dos varóns no conxunto dunha poboación e obtense dividindo o número de varóns pola poboación total, e multiplicado por 100. A taxa de feminidade obtense igual pero co número de mulleres.

SOTAVENTO: Ladeira ou vertente dun relevo a resguardo do lugar de procedencia dos ventos, oposta a barlovento.

ATMÓSFERA: Capa gaseosa que rodea á Terra, composta por aire (fundamentalmente nitróxeno,

osíxeno, vapor de agua,...) na cual se desenvolven os fenómenos meteorolóxicos e no seu contacto coa litosfera materialízase a vida.

AUTARQUÍA: Política de autosuficiencia económica que basea o crecemento da economía nacional nos recursos propios, adoptada polo goberno español na postguerra ata 1959.

LATITUDE: Distancia angular de calquera punto do globo con respecto ao Ecuador, ao norte ou ao sur, medida en grados, minutos e segundos sobre un arco de meridiano. Todos os puntos situados sobre un mesmo paralelo teñen a mesma latitude.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírense a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, PRINCIPADO DE ASTURIAS (Oviedo); 2, COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA (Pamplona); 3, CASTELA E LEÓN (Valladolid); 4, EXTREMADURA (Mérida); e 5, COMUNIDADE VALENCIANA (Valencia).

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírense boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: a posición (ubicación latitudinal e lonxitudinal, ubicación zonal), os factores atmosféricos (centros de acción, dinámica, alternancia estacional), os factores xeográficos (altitude, orientación, topografía), consecuencias na variedade climática española, heteroxeneidade de paisaxes, etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírense a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapas temáticos cuantitativos e sintéticos), modelos de distribución que representan ambos mapas, tendencias recentes do crecemento natural da poboación española, causas e consecuencias nos demais aspectos demográficos, os problemas do envellecemento e as desigualdades rexionais, etc. Valoraranse as alusións ao influxo que ten a inmigración no crecemento natural da poboación española.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírense unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

MINIFUNDIO: Pequena propiedade ou pequena explotación agrícola, que expresa un reparto moi fragmentado do terrazgo.

PLANO ORTOGONAL: Plano urbano no que as rúas se cruzan de forma perpendicular cun aspecto de damero ou taboleiro de xadrez, e aparece en todos os períodos da historia, ligado normalmente a actuacións planificadas.

ESPECIE HELIÓFILA: Planta que precisa unha alta insolación para o seu correcto desenvolvemento, como a maioría das especies do matorral mediterráneo.

ÁREA PERIURBANA: Área rural situada na periferia dunha cidade, donde teñen lugar profundas transformacións dos aspectos demográficos, económicos e sociais por efecto da expansión de aquela, transformando tamén os seus usos rurais tradicionais.

PREGA: Deformación tectónica do terreo, que se produce pola acción de forzas en sentido contrario e que se traduce nunha ondulación dos estratos. É propio das rochas sedimentarias plásticas.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírense a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, DELTA DO EBRO; 2, RÍO GUADIANA; 3, CABO DE LA NAO; 4, SERRA MORENA; e 5, CABO DE GATA.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírense boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: a tradición pesqueira en España e o seu encadramento dentro da actividade económica, tipos de pesca practicados (artes, baixura, caladeiros, etc.), a pesca española no contexto mundial, poboación activa e evolución, a estrutura do sector e os caracteres da flota, as rexións pesqueiras españolas, evolución e problemática actual, etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírense a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análisis) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (climograma, que representa a variación mensual das temperaturas e as precipitacións ao longo dun ano), características do reparto deses elementos representados (contaste das temperaturas ao longo do ano, con elevada amplitude térmica, precipitacións escasas cun descenso acusado no verán, catro meses áridos segundo o índice de Gaussen), tipoloxía correspondente ao interior peninsular (variedade mediterránea continentalizada), causas (dinámica atmosférica, altitude, illamento do océano) e consecuencias (na vexetación, nos aproveitamentos agrarios e nas paisaxes), etc.